



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO NÚM. 3 DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 24 FEBREIRO DE 2022

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

D^a María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D^a Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Xosé Alfonso Torres (Non adscrita)

D. José Manuel Quintela Fernández (Non adscrito)

D^a María Sambade Lloréns (Non adscrita)

D^a Maruxa Martínez Romaní (BNG)

Non asiste pero xustifica a súa ausencia D^a María Lago Lestón (BNG)

SECRETARÍA

D. José Manuel Mayo Priegue

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, o secretario accidental do Concello que certifico.

A señora alcaldesa sinala que antes de dar inicio a sesión plenaria do mes de febreiro pide un minuto de silencio polos naufragos do Vila de Pitanxo e di que como vila mariñeira que é Muros, senten a dor das súas familias como propias, que se solidarizan con eles, e agardan que prosiga a busca dos desaparecidos. E di que tamén que mencionar o inicio dunha guerra na fronteira con Europa e di que non sabe que prognostico vai ter, pero cre que non vai ser bo.

Deseguido, comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ORDE DO DÍA

A. PARTE DISPOSITIVA

Primeiro. Aprobación da acta anterior núm. 1 de sesión de pleno ordinario do 27 de xaneiro de 2022

A señora alcaldesa, D^a María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto do acta núm. 1 de sesión de pleno ordinario do 27 de xaneiro de 2022 que se presenta para que o Pleno a aprrobe, e non habendo observacións, apróbase por unanimidade a acta núm. 1 de sesión de pleno ordinario do 27 de xaneiro de 2022 polos membros presentes, cos votos a favor dos concelleiros non adscritos (3), do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal popular (4) e da concelleira do grupo municipal do BNG (1).

Segundo. Incorporación ao inventario de bens municipal do Concello de Muros da finca situada na rúa do Cabo, Muros

Intervén a alcaldesa que explica a proposta que vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa e que é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Vista a copia simple do Rexistro da Propiedade de Corcubión - Muros.

E segundo o art. 32.1 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas imponlle a todas as administracións públicas a obriga de inventariar os seus bens e dereitos. O mesmo establece para as entidades locais o art. 17 do RD 172/1986, do 13 de xuño de, aproba o Regulamento de bens das entidades locais. E por outra parte, o art. 34 do RD 172/1986, do 13 de xuño de, aproba o Regulamento de bens das entidades locais establece que o Pleno da Corporación será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do inventario.

Visto canto antecede, esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación e ao estudo previo por parte da comisión informativa a adopción do seguinte acordo:

ACORDO:

PRIMEIRO. Proceder á incorporación da finca ao inventario de bens de titularidade municipal da finca núm. 12895 situada na rúa do Cabo en Muros, coa seguinte descrición:

Nome:	Rúa do Cabo - Muros
Natureza:	Urbano
Situación:	Finca núm. 12895 - Muros
Lindeiros:	N. linda coa estrada de Muros a Corcubión S. linda con labradío dos señores Romaní Landa E. linda parcela de Manuel González Gil, hoxe camiño de Rebordiño O. linda parcela B ou finca matriz
Superficie:	784 m ²
Natureza:	Demaniaal
Título da propiedade:	Título de cesión
Inscripción rexistral:	Tomo 425 Libro 103 Folio 37 Alta 2
Destino:	Ben de titularidade municipal, público e veciñal

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Dereitos reais:	Non
Dereitos persoais:	Non
Data de Adquisición	22/09/2006

SEGUNDO. Facultar á alcaldesa para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado."

A Sra. González indica que xa dixeron na comisión informativa que lles parecía moi ben que se fose actualizando o inventario de bens municipais do Concello de Muros.

A Sra. Martínez di que hai que facelo.

A Sra. Alfonso di que non ten nada que comentar.

A Sra. Sambade tampouco ten nada que comentar.

E o Sr. Quintela tampouco.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (3) e da concelleira do grupo municipal do BNG (1), aproba por unanimidade a seguinte proposta:

PROPOSTA DE INCORPORACIÓN AO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAL DO CONCELLO DE MUROS
DA FINCA NÚM. 12895 SITUADA NA RÚA DO CABO EN MUROS

ANTECEDENTES

Vista a copia simple do Rexistro da Propiedade de Corcubión - Muros.

E segundo o art. 32.1 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas imponlle a todas as administracións públicas a obriga de inventariar os seus bens e dereitos. O mesmo establece para as entidades locais o art. 17 do RD 172/1986, do 13 de xuño de, aproba o Regulamento de bens das entidades locais. E por outra parte, o art. 34 do RD 172/1986, do 13 de xuño de, aproba o Regulamento de bens das entidades locais establece que o Pleno da Corporación será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do inventario.

Visto canto antecede, esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación e ao estudo previo por parte da comisión informativa a adopción do seguinte acordo:

ACORDO:

PRIMEIRO. Proceder á incorporación da finca ao inventario de bens de titularidade municipal da finca núm. 12895 situada na rúa do Cabo en Muros, coa seguinte descrición:

Nome:	Rúa do Cabo - Muros
Natureza:	Urbano
Situación:	Finca núm. 12895 - Muros
Lindeiros:	N. linda coa estrada de Muros a Corcubión S. linda con labradío dos señores Romaní Landa E. linda parcela de Manuel González Gil, hoxe camiño de Rebordiño O. linda parcela B ou finca matriz

Concello de Muros



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Superficie:	784 m ²
Natureza:	Demaniaal
Título da propiedade:	Título de cesión
Inscripción rexistral:	Tomo 425 Libro 103 Folio 37 Alta 2
Destino:	Ben de titularidade municipal, público e veciñal
Dereitos reais:	Non
Dereitos persoais:	Non
Data de Adquisición	22/09/2006

SEGUNDO. Facultar á alcaldesa para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Terceiro. Incorporación ao inventario de bens municipal do Concello de Muros da finca situada no Campo de San Roque, Louro

Intervén a alcaldesa que explica a proposta que vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa e que é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Vista a Sentenza xudicial firme do Tribunal Supremo do 20/02/2019 o terreo integrado dentro da finca con referencia catastral 3346911MH9334N0001KZ situada no Campo de San Roque en Louro.

Visto o certificado do 18 de marzo de 2019 elaborado polo enxeñeiro técnico agrícola, D. Francisco Javier Cambeiro Gerpe.

E segundo o art. 32.1 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas imponlle a todas as administracións públicas a obriga de inventariar os seus bens e dereitos. O mesmo establece para as entidades locais o art. 17 do RD 172/1986, do 13 de xuño de, aproba o Regulamento de bens das entidades locais. E por outra parte, o art. 34 do RD 172/1986, do 13 de xuño de, aproba o Regulamento de bens das entidades locais establece que o Pleno da Corporación será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do inventario.

Visto canto antecede, esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación e ao estudo previo por parte da comisión informativa a adopción do seguinte acordo:

ACORDO:

PRIMEIRO. Proceder á incorporación da finca ao inventario de bens de titularidade municipal da parcela situada no Campo de San Roque, en Louro, coa seguinte descrición:

Nome:	Parcela Campo de San Roque - Louro
Natureza:	Urbano
Situación:	Rúa do Campo de San Roque
Lindeiros:	<i>N. linda coa parede dos herdeiros de Juan Louro Fernández e parte vía pública S. linda coa fachada norte de José Hermida Lestón; por outra, coa parede que suxeita a finca de José Ramón Hermida Lestón; e coa fachada da vivenda de José María Hermida Lago e María del Carmen Sestayo Rama</i>

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

	<i>E. linda coa fachada oeste de José Hermida Lestón e parte coa vía pública</i> <i>O. linda coa parede dos herdeiros de Juan Louro Fernández e en parte coa fachada da vivenda de José María Hermida Lago e María del Carmen Sestayo Rama</i>
Superficie:	159 m2
Referencia catastral:	3346911MH9334N0001KZ
Natureza:	Demanal
Título da propiedade:	Sentenza xudicial do Tribunal Supremo do 20/02/2019
Destino:	Ben de titularidade municipal, público e veciñal
Dereitos reais:	Non
Dereitos persoais:	Non
Data de adquisición:	20/02/2019

SEGUNDO. Proceder a inmatricular o ben no Rexistro da Propiedade.

TERCEIRO. Facultar á alcaldesa para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado."

Non hai intervencións.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (3) e da concelleira do grupo municipal do BNG (1), aproba por unanimidade a seguinte proposta:

PROPOSTA DE INCORPORACIÓN AO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAL DO CONCELLO DE MUROS DA FINCA SITUADA NO CAMPO DE SAN ROQUE, LOURO

ANTECEDENTES

Vista a Sentenza xudicial firme do Tribunal Supremo do 20/02/2019 o terreo integrado dentro da finca con referencia catastral 3346911MH9334N0001KZ situada no Campo de San Roque en Louro.

Visto o certificado do 18 de marzo de 2019 elaborado polo enxeñeiro técnico agrícola, D. Francisco Javier Cambeiro Gerpe.

E segundo o art. 32.1 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas imponse a todas as administracións públicas a obriga de inventariar os seus bens e dereitos. O mesmo establece para as entidades locais o art. 17 do RD 172/1986, do 13 de xuño de, aproba o Regulamento de bens das entidades locais. E por outra parte, o art. 34 do RD 172/1986, do 13 de xuño de, aproba o Regulamento de bens das entidades locais establece que o Pleno da Corporación será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do inventario.

Visto canto antecede, esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación e ao estudo previo por parte da comisión informativa a adopción do seguinte acordo:

ACORDO:

PRIMEIRO. Proceder á incorporación da finca ao inventario de bens de titularidade municipal da parcela situada no Campo de San Roque, en Louro, coa seguinte descrición:

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Nome:	Parcela Campo de San Roque - Louro
Natureza:	Urbano
Situación:	Rúa do Campo de San Roque
Lindeiros:	N. linda coa parede dos herdeiros de Juan Louro Fernández e parte vía pública S. linda coa fachada norte de José Hermida Lestón; por outra, coa parede que suxeita a finca de José Ramón Hermida Lestón; e coa fachada da vivenda de José María Hermida Lago e María del Carmen Sestayo Rama E. linda coa fachada oeste de José Hermida Lestón e parte coa vía pública O. linda coa parede dos herdeiros de Juan Louro Fernández e en parte coa fachada da vivenda de José María Hermida Lago e María del Carmen Sestayo Rama
Superficie:	159 m ²
Referencia catastral:	3346911MH9334N0001KZ
Natureza:	Demanal
Título da propiedade:	Sentenza xudicial do Tribunal Supremo do 20/02/2019
Destino:	Ben de titularidade municipal, público e veciñal
Dereitos reais:	Non
Dereitos persoais:	Non
Data de adquisición:	20/02/2019

SEGUNDO. Proceder a inmatricular o ben no Rexistro da Propiedade.

TERCEIRO. Facultar á alcaldesa para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

B. Mocións de urxencia

Cuarto. Declaración institucional con motivo do Día Internacional da Muller 8 de marzo 2022

A señora alcaldesa sinala que primeiro hai que votar a urxencia da moción e non habendo intervencións dá paso ás votacións.

O Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), das concelleiras non adscritas (2) e da concelleira do grupo municipal do BNG (1) e coa abstención do concelleiro non adscrito (1) D. José Manuel Quintela Fernández, aproba a urxencia da seguinte moción:

“O próximo 8 de marzo de 2022, Día Internacional da Muller, ven marcado polo que agardamos sexa o fin da pandemia, e polo lema escollido pola Organización das Nacións Unidas “Igualdade de xénero hoxe para un mañá sostible”, co obxectivo de recoñecer a contribución das mulleres e das nenas de todo o mundo, que están liderando os esforzos ante o cambio climático para construír un futuro máis sostible.

A recente pandemia puxo de manifesto as fortalezas deste país, pero tamén as debilidades do noso sistema de benestar, e as desigualdades que aínda existen en traballos como o coidado doméstico. Consideramos necesario asegurar o benestar integral de todas as mulleres e avanzar noutras políticas de cohesión social e dinamización demográfica a través de medidas favorecedoras da plena igualdade e con perspectiva de

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

xénero como reto irrenunciabile. Non pode existir unha verdadeira recuperación si non se garante a igualdade, que debe estar presente de xeito transversal en tódalas políticas de recuperación, e sinaladamente, no plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo.

No benestar das persoas conflúen unha serie de variables que operan de xeito interrelacionado. Por iso, como establece a Organización Mundial da Saúde (OMS), a saúde debe abordarse desde un enfoque integral que considere os factores biolóxicos pero tamén os factores sociais e psicolóxicos. E neste sentido, o xénero constitúe un factor determinante en tanto que o benestar e a calidade de vida das persoas se ven determinados polas distintas posicións, roles sociais, dereitos, e particularmente polos dereitos laborais e salariais. Debemos loitar por políticas públicas que combatan a precariedade no emprego das mulleres, debemos impulsar unha axenda europea que fortaleza as políticas de igualdade de xénero, e en especial, a defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos e a suficiencia dos recursos que combatan unha violencia machista que non cesa. Recoñecemos nese sentido, os avances dos gobernos local, autonómico, estatal e europeo, e reclamamos que se redobren os esforzos para acadar unha igualdade real e efectiva, para seguir contribuíndo a unha mellor calidade de vida das mulleres galegas, que se consoliden os recursos de atención ás mulleres, tanto para a atención aos problemas de saúde prevalentes na poboación feminina, como aqueles asociados aos dereitos relacionados coa saúde sexual e reprodutiva e coa maternidade.

Así, as Administracións públicas debemos seguir desenvolvendo políticas específicas dirixidas a mulleres en situación de dificultade ou especial vulnerabilidade. Debemos ofrecer unha saída e unha resposta eficaz ás mulleres vítimas de inxustizas e abusos, debemos valorar os avances acadados, grazas en moitas ocasións, aos movementos feministas, pero debemos traballar fronte a quen menospreza e ameaza as mulleres e os seus dereitos. Para acabar con todas as brechas de xénero que se identifican en numerosos informes internacionais debe haber unha resposta de continuidade a través da organización de campañas de concienciación social e doutras actividades de sensibilización e posta en marcha de medidas en favor da igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos.

E para iso é fundamental que exista un compromiso rotundo dos partidos políticos, das organizacións sindicais, das administracións e institucións e de todas asociacións en xeral, que abarque actuacións coordinadas e proactivas neste senso, desde a mocidade ata as persoas de maior idade.

Procuremos unha sociedade na que impere o modelo coeducativo enfocado á ruptura dos estereotipos de xénero así como valores como o respecto á igualdade e á diversidade. É o momento de sumar esforzos e seguir traballando conxuntamente para conseguir que a igualdade sexa unha realidade instaurada nos 365 días do ano. Mentres, seguiremos traballando pola conquista e defensa dos dereitos das mulleres e berramos: Viva o 8 de marzo! Viva a loita das mulleres!"

A señora alcaldesa di que esta declaración inclúe as achegas do grupo socialista.

A Sra. González di que ao incluír as súas achegas que van a votar a favor.

A Sra. Martínez di que están a favor da declaración e só piden que non quede en papel mollado.

A Sra. Alfonso di que se non acoden á comisión informativa é porque a esa hora non poden ir, non porque non lle apeteza, e que é unha mágoa que non lle enviara un borrador porque tamén farían achegas, e sinala que a ela parécelle ben que vaia como declaración institucional.

A Sra. Sambade e o Sr. Quintela sinalan que non teñen nada que engadir.

A señora alcaldesa convida ás concelleiras e concelleiros a participar na programación do Concello polo Día da Muller.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (3) e da concelleira do grupo municipal do BNG (1), aproba por unanimidade a seguinte proposta:

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER 8 DE MARZO 2022

O próximo 8 de marzo de 2022, Día Internacional da Muller, ven marcado polo que agardamos sexa o fin da pandemia, e polo lema escollido pola a Organización das Nacións Unidas "Igualdade de xénero hoxe para un mañá sostible", co obxectivo de recoñecer a contribución das mulleres e das nenas de todo o mundo, que están liderando os esforzos ante o cambio climático para construír un futuro máis sostible.

A recente pandemia puxo de manifesto as fortalezas deste país, pero tamén as debilidades do noso sistema de benestar, e as desigualdades que aínda existen en traballos como o coidado doméstico. Consideramos necesario asegurar o benestar integral de todas as mulleres e avanzar noutras políticas de cohesión social e dinamización demográfica a través de medidas favorecedoras da plena igualdade e con perspectiva de xénero como reto irrenunciado. Non pode existir unha verdadeira recuperación si non se garante a igualdade, que debe estar presente de xeito transversal en tódalas políticas de recuperación, e sinaladamente, no plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo.

No benestar das persoas conflúen unha serie de variables que operan de xeito interrelacionado. Por iso, como establece a Organización Mundial da Saúde (OMS), a saúde debe abordarse desde un enfoque integral que considere os factores biolóxicos pero tamén os factores sociais e psicolóxicos. E neste sentido, o xénero constitúe un factor determinante en tanto que o benestar e a calidade de vida das persoas se ven determinados polas distintas posicións, roles sociais, dereitos, e particularmente polos dereitos laborais e salariais. Debemos loitar por políticas públicas que combatan a precariedade no emprego das mulleres, debemos impulsar unha axenda europea que fortaleza as políticas de igualdade de xénero, e en especial, a defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos e a suficiencia dos recursos que combatan unha violencia machista que non cesa. Recoñecemos nese sentido, os avances dos gobernos local, autonómico, estatal e europeo, e reclamamos que se redobren os esforzos para acadar unha igualdade real e efectiva, para seguir contribuíndo a unha mellor calidade de vida das mulleres galegas, que se consoliden os recursos de atención ás mulleres, tanto para a atención aos problemas de saúde prevalentes na poboación feminina, como aqueles asociados aos dereitos relacionados coa saúde sexual e reprodutiva e coa maternidade.

Así, as Administracións públicas debemos seguir desenvolvendo políticas específicas dirixidas a mulleres en situación de dificultade ou especial vulnerabilidade. Debemos ofrecer unha saída e unha resposta eficaz ás mulleres vítimas de inxustizas e abusos, debemos valorar os avances acadados, grazas en moitas ocasións, aos movementos feministas, pero debemos traballar fronte a quen menospreza e ameaza as mulleres e os seus dereitos. Para acabar con todas as brechas de xénero que se identifican en numerosos informes internacionais debe haber unha resposta de continuidade a través da organización de campañas de concienciación social e doutras actividades de sensibilización e posta en marcha de medidas en favor da igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos.

E para iso é fundamental que exista un compromiso rotundo dos partidos políticos, das organizacións sindicais, das administracións e institucións e de todas asociacións en xeral, que abarque actuacións coordinadas e proactivas neste senso, desde a mocidade ata as persoas de maior idade.

Procuremos unha sociedade na que impere o modelo coeducativo enfocado á ruptura dos estereotipos de xénero así como valores como o respecto á igualdade e á diversidade. É o momento de sumar esforzos e seguir traballando conxuntamente para conseguir que a igualdade sexa unha realidade instaurada nos 365 días do ano. Mentres, seguiremos traballando pola conquista e defensa dos dereitos das mulleres e berramos: Viva o 8 de marzo! Viva a loita das mulleres!

Quinto. Moción de urxencia sobre a Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza

A señora alcaldesa sinala que primeiro hai que votar a urxencia da moción, polo que dá paso ás intervencións.

A Sra. González di que non teñen problema en que se leve por urxencia pois xa dixo cal era o motivo polo cal se meteu por urxencia e non se van opoñer.

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A Sra. Alfonso di que tamén lle vale a xustificación da urxencia.

A Sra. Sambade e o Sr. Quintela tampouco se opoñen á urxencia.

A señora alcaldesa di que non van votar en contra da urxencia, e sinala que falan con frecuencia coa presidencia da Mancomunidade e o que lle transmiten é que a secretaria que se incorporou está ao tanto da xestión da Mancomunidade e que ten intención de convocar os órganos da Mancomunidade e di que lle daría un voto de confianza á presidencia e deixaría a moción encima da mesa mentres non se realiza a convocatoria.

A Sra. Martínez indica que todo o que sexa mostrar o apoio á Mancomunidade dende este concello é bo, xa que teñen responsabilidade ao ser membros, e entende que se acabe de incorporar pero nunca está de máis solicitalo xa que 2023 está a volta da esquina.

A Sra. González di que se o compromiso do alcalde de Carnota, que é o presidente, é convocala, confían perfectamente nel.

A Sra. Alfonso sinala que a decisión a debe presentar o BNG se a retira ou non, di que calquera opción que implique avanzar neste problema é benvida.

A Sra. Sambade sinala que só é solicitar.

O Sr. Quintela di que non dubida da palabra de ninguén senón lle demostra o contrario e indica que tampouco está de máis solicitar á presidencia que engada uns puntos na orde do día.

A Sra. Martínez sinala que non a van retirar.

A señora alcaldesa dá paso á votación da urxencia.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (3) e da concelleira do grupo municipal do BNG (1), aproba por unanimidade a urxencia da seguinte moción:

A Sra. Martínez procede á lectura da moción que é do seguinte teor literal:

"O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) proponlle ao pleno do Concello de Muros a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No vindeiro ano 2023 remata o prazo de concesión á empresa concesionaria da Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza e da planta de tratamento de residuos que a mesma ten no lugar de Servia, en Lousame, sen que a día de hoxe se teñan elaborado os pregos para unha nova licitación de explotación da mesma. Esta situación pon en risco tanto a continuidade da planta como o futuro dos postos de traballo que xera, onde é preciso recalcar que na actualidade representa unha das entidades que da traballo a máis persoas na nosa contorna. É ben coñecida a aposta do BNG polo sistema de tratamento de residuos do complexo medioambiental de Servia, en contraposición co modelo de incineración e soterramento dos residuos de SOGAMA.

Tanto a Lei de Residuos de Galicia, como o proxecto de Real Decreto de envases e residuos coinciden en establecer os mesmo obxectivos de reciclaxe, que deberían alcanzarse antes de finais do 2025, e que son do 50% para os plásticos e aluminios e do 70% para metais ferrosos. As directrices da Comisión Europea en canto a tratamento de residuos e os obxectivos de reciclaxe, re-utilización e redución fixados por Bruxelas para o ano 2030, establecen unha taxa de reciclaxe e recuperación, incluíndo a compostaxe, superior ao 60%.

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Fronte a esta situación, é indispensábel fortalecer a Mancomunidade Serra do Barbanza e dotala dos medios precisos para permitir que poida seguir desenvolvendo a súa función, conservar os postos de traballo xerados e optimizar e mellorar o proceso adaptándoo á normativa e así acadar os obxectivos marcados, fronte a outros modelos que incumpren reiteradamente as recomendacións feitas pola Comisión Europea neste senso.

É responsabilidade de todas as entidades que formamos parta da Mancomunidade velar polos intereses da mesma e polo benestar e estabilidade das persoas traballadoras, actuando con rapidez para poder resolver as problemáticas que ten a planta a fin de que poda seguir prestando un servizo de recollida e tratamento do lixo, de proximidade, sustentábel e medioambientalmente idóneo.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Solicitar formalmente á Presidencia da Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza a convocatoria dunha asemblea xeral con carácter de urxencia e coa inclusión como mínimo dos seguintes puntos:

Solicitar formalmente á Deputación da Coruña a posibilidade de colaborar na elaboración dun estudo sobre a actual situación financeira da Mancomunidade, así como da posíbel viabilidade doutros concellos que poidan valorar a súa adhesión á mancomunidade.

Solicitar formalmente á Deputación da Coruña os medios técnicos precisos para a colaboración xunto co persoal da mancomunidade na elaboración dos pregos de condicións para unha nova licitación de cara á próxima caducidade do contrato coa empresa adxudicataria.

Solicitar formalmente á Deputación da Coruña dunha subvención para a adquisición dunha pala volteadora.

Os presentes acordos serán remitidos ás presidencias da Mancomunidade Serra da Barbanza así como á Deputación da Coruña."

A Sra. Martínez di que lles preocupa bastante que remate a concesión e que aínda non saíran os pregos para a licitación e todo o que sexa conseguir que esta Mancomunidade siga adiante e incluso que se poida ampliar é necesario xa que estamos a falar de postos de traballo para o noso concello ademais dun servizo do mellor que se poida optar.

A Sra. González di que queren facer unha addenda porque non entende por que as peticións son exclusivamente á Deputación da Coruña, e que se solicite formalmente tamén á Xunta de Galicia.

A Sra. Martínez di que si o addenda en todos os puntos.

A Sra. González sinala logo que non teñen ningún inconveniente en votar a favor porque son conscientes que se precisa a axuda das institucións para manter a Mancomunidade, e di que teñen confianza no alcalde de Carnota.

A Sra. Alfonso di que tamén bota en falta a solicitude á Xunta de Galicia que só se limita a darlle subvencións de concorrencia competitiva cando así as gaña, non hai ningunha aposta clara da Xunta de apoio a esta mancomunidade. Ten confianza en que o alcalde de Carnota convoque os órganos, pero non está de máis debater esta moción para que inclúan estes puntos.

A Sra. Sambade di que non ten máis que engadir.

O Sr. Quintela di que o alcalde de Carnota ten unha pataca quente na mesa que mete medo e sinala que todo o seu apoio.

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A señora alcaldesa di que eles van engadir un punto: “*Solicitar á Mancomunidade Serra do Barbanza que se manteñan os puntos de recollida no Concello de Muros, que se repoñan os contedores que se precisan e que se coloque un novo punto no parque empresarial*”. Sinala que non vai entrar nunha guerra de números pero si que lle consta que a Xunta de Galicia fixo achegas a través do Fondo de Compensación Ambiental.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (3) e da concelleira do grupo municipal do BNG (1), adopta por unanimidade o seguinte:

MOCIÓN DE URXENCIA SOBRE A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No vindeiro ano 2023 remata o prazo de concesión á empresa concesionaria da Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza e da planta de tratamento de residuos que a mesma ten no lugar de Servia, en Lousame, sen que a día de hoxe se teñan elaborado os pregos para unha nova licitación de explotación da mesma. Esta situación pon en risco tanto a continuidade da planta como o futuro dos postos de traballo que xera, onde é preciso recalcar que na actualidade representa unha das entidades que da traballo a máis persoas na nosa contorna. É ben coñecida a aposta do BNG polo sistema de tratamento de residuos do complexo medioambiental de Servia, en contraposición co modelo de incineración e soterramento dos residuos de SOGAMA.

Tanto a Lei de Residuos de Galicia, como o proxecto de Real Decreto de envases e residuos coinciden en establecer os mesmo obxectivos de reciclaxe, que deberían alcanzarse antes de finais do 2025, e que son do 50% para os plásticos e aluminios e do 70% para metais ferrosos. As directrices da Comisión Europea en canto a tratamento de residuos e os obxectivos de reciclaxe, re-utilización e redución fixados por Bruxelas para o ano 2030, establecen unha taxa de reciclaxe e recuperación, incluíndo a compostaxe, superior ao 60%.

Fronte a esta situación, é indispensable fortalecer a Mancomunidade Serra do Barbanza e dotala dos medios precisos para permitir que poida seguir desenvolvendo a súa función, conservar os postos de traballo xerados e optimizar e mellorar o proceso adaptándoo á normativa e así acadar os obxectivos marcados, fronte a outros modelos que incumpren reiteradamente as recomendacións feitas pola Comisión Europea neste senso.

É responsabilidade de todas as entidades que formamos parta da Mancomunidade velar polos intereses da mesma e polo benestar e estabilidade das persoas traballadoras, actuando con rapidez para poder resolver as problemáticas que ten a planta a fin de que poida seguir prestando un servizo de recollida e tratamento do lixo, de proximidade, sustentábel e medioambientalmente idóneo.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1.- Solicitar formalmente á Presidencia da Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza a convocatoria dunha asemblea xeral con carácter de urxencia e coa inclusión como mínimo dos seguintes puntos:

Solicitar formalmente á Deputación da Coruña e á Xunta de Galicia a posibilidade de colaborar na elaboración dun estudo sobre a actual situación financeira da Mancomunidade, así como da posible viabilidade doutros concellos que poidan valorar a súa adhesión á mancomunidade.

Solicitar formalmente á Deputación da Coruña e á Xunta de Galicia os medios técnicos precisos para a colaboración xunto co persoal da mancomunidade na elaboración dos pregos de condicións para unha nova licitación de cara á próxima caducidade do contrato coa empresa adxudicataria.

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Solicitar formalmente á Deputación da Coruña e á Xunta de Galicia dunha subvención para a adquisición dunha pala volteadora.

Solicitar á Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza que se manteñan os puntos de recollida no Concello de Muros, que se repoñan os contedores que se precisan e que se coloque un novo punto no parque empresarial de Muros.

2. Os presentes acordos serán remitidos ás presidencias da Mancomunidade Serra da Barbanza así como á Deputación da Coruña.

C. Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

Cuarto. a) Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 1/2022 do 3 de xaneiro de 2022 ata o núm.111/2022 do 31 de xaneiro de 2022, das XGL núm. 1 do 21 de xaneiro do 2022 e da XGL núm. 2 do 28/01/2022 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

Quinto. Rogos e preguntas

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal PSOE:

A Sra. González pregunta polas horas extraordinarias aprobadas no Xunta de Goberno Local do 21 de xaneiro de 2022 e di que é un claro exemplo de que o Concello necesita actualizar o cadro de persoal e que eses cartos serían bos para a creación de emprego.

A señora alcaldesa sinala que o que se aproba é unha bolsa de horas, é unha autorización por se esas horas se chegaran a facer, non que se estean pagando, e di que neste ano teñen que afrontar o proceso de consolidación de emprego e que están traballando nel.

A Sra. González roga que se paguen os trienios do persoal que falta.

A Sra. González di que vén que hai unha subvención de AGADER para un camiño de Miraflores, e pregunta se se fixo algo.

A señora alcaldesa di que é unha solicitude.

A Sra. González roga que se inclúa unha pequena zona en Miraflores nesta solicitude.

A Sra. González pregunta por que hai diversas obras sen licitar.

A señora alcaldesa indica que os prazos de licitación son moi longos e sinala que concretamente os camiños de Ventosos e Tras da Costa se van adxudicar en xunta de goberno local no día seguinte.

A Sra. González roga non entreguen a obra que se fixo no conxunto histórico xa que hai moitas queixas da veciñanza.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal BNG:

A Sra. Martínez di que no pleno anterior indicouse ao goberno se tiñan coñecemento de que se estaban a instalar paneis fotovoltaicos na Creba e acta recolle que a señora alcaldesa ía preguntar polo tema.

A señora alcaldesa contesta que non se acordou e que preguntará.

A Sra. Martínez pregunta polo terreo ao lado da escola infantil de Tal.

A señora alcaldesa contesta que está na fase de segregación da parcela.

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A Sra. Martínez roga que se axilice o máximo posible.

A Sra. Martínez roga que se arranxen as fochancas no Vilar de Abelleira.

A Sra. Martínez roga que se arranxen as beirarrúas de Baño a Boavista.

A Sra. Martínez roga que poñan unha marquesiña en Tal tanto para a parada de liña como do bus escolar.

A señora alcaldesa contesta que xa iniciaron os trámites para poñela.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión pola Sra. Alfonso:

A Sra. Alfonso pregunta polos traballos da RPT.

A señora alcaldesa contesta que tiveron xa unha reunión interna e que en breve terán outra e que lle están dando prioridade ao tema de consolidación de emprego debido aos prazos.

A Sra. Alfonso roga sobre os vaos provisionais por problemas de dependencia se se poden solicitar con informe de servizos sociais ou médico, igual ca noutros concellos.

A señora alcaldesa contesta que xa se realiza así.

A Sra. Alfonso pregunta se traballan na suxeición dos contedores de lixo.

A señora alcaldesa contesta que ese é un dos proxectos que ten encomendados o Obradoiro de Emprego.

A Sra. Alfonso pregunta se van a volver colocar contedores de lixo na praza do Cristo en Tal.

A señora alcaldesa contesta que hai problemas de accesibilidade dos camións e que levan reclamando un camiión pequeno para acceder a lugares coma ese.

A Sra. Alfonso pregunta polo recoñecemento do camiño de Santiago por parte da Xunta de Galicia.

A señora alcaldesa contesta que están na fase de análise técnico da historicidade.

A Sra. Alfonso pregunta pola recuperación dos pasais da Salina de Esteiro.

A señora alcaldesa di que intentaron presentalo en distintas convocatorias de ideas de varias entidades e de momento non concretaron, nin como, nin quen, nin cando...

A Sra. Alfonso pregunta, por último, cal é a razón pola que non hai comparsas este ano.

A señora alcaldesa responde que a súa intención era facer comparsas, pero os protocolos que se ditaron facían dificultosa a realización do Entroido coma sempre, e sinala que falaron coas asociacións que participan e indicáronlles que lles facía falta tempo para preparar os disfraces, polo que decidiron enfocarse nas festas infantís.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión pola Sra. Sambade:

A Sra. Sambade pregunta se sería posible poñer unha marquesiña na porta do colexio de Valdexería.

A señora alcaldesa responde que o goberno anterior xa intentara poñer unha marquesiña pero non fora fácil conseguir os permisos e pensaron nunha estrutura pero neste momento están nun procedemento de desafectación do dominio público marítimo.

A Sra. Sambade roga que se coloque outra marquesiña en Xantoque.

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A señora alcaldesa di que están valorando por outra fronte ao tanatorio.

A Sra. Sambade di que lles chegaron moitas queixas do obradoiro de emprego.

A señora alcaldesa responde que o alumnado debería dedicarse a formar e que non teñen falta de nada e di que teñen expedientes abertos relacionados co alumnado por ausencias inxustificadas e incumprimentos.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión pola Sr. Quintela:

O Sr. Quintela di que hai uns meses no pleno comentou que estaba tratando con Costas o do paseo de Louro e pregunta se hai algunha novidade.

A señora alcaldesa responde que se interesan de forma periódica por esa reparación e que están a espera de que Costas conteste.

E sen máis asuntos que tratar, a señora alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e unha e e trinta minutos, e de todo o que eu como secretario dou fe.

O secretario accidental

Documento asinado electronicamente.